



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
31.03.2023

LUGAR: Sala I do edificio Miralles, Campus de Vigo

DATA: 31.03.2023

HORA DE COMEZO: 11:00

HORA DE REMATE: 12:10

LISTA DE ASISTENTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Gómez, César Enrique
Martíño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Muleiro García, Avelino
Novoa Rodríguez, María Sol
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA

Caparrini Marín, Natalia
Ojea Bouzo, Armando
Reigosa Roger, Manuel Joaquín

NON ASISTIRON

Mollinedo Lois, Carlos
Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O venres, 31 de marzo de 2023, ás 11:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (21.03.2023).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Informe do vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións sobre a declaración de interese de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2024/2025.
5. Informe que proceda, do Pleno, sobre a tramitación da modificación do título de Máster Universitario de Avogacía e Procuradoría.
6. Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2023/2024, debendo dar conta posteriormente da resolución na primeira reunión que se convoque.
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo director do proxecto "A Caixa sostible", dirixido a fomentar vocacións STEM.
8. Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2023, orientado a facilitar o achegamento do estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
9. Solicitud de autorización de transferencia de crédito para obras e reparacións na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, do Campus de Ourense.
10. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro de 2023.
11. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a elevada asistencia dos presentes só dez días despois da anterior sesión, e xustifica a urxencia da convocatoria para cumprir os prazos requiridos para a tramitación do punto 5. Agradece especialmente a presenza do vicerreitor Alfonso Lago para dar conta dos asuntos da súa competencia recollidos na orde do día, e comunica a ausencia obrigada do reitor pola firma dun convenio en A Coruña, polo que se retira o punto 3.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (21.03.2023).

Informa o secretario que se incorpora á acta unha petición de Juan Santamaría para agradecerlle ao presidente as súas "agarimosas palabras" para felicitalo polo seu nomeamento como membro da Academia de Farmacia de Galicia.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa dá conta da aprobación da LOSU, que entrará en vigor o vindeiro día 12 de abril, "xusto cando estaremos celebrando en Vigo" as xornadas anuais dos Consellos Sociais das universidades españolas, e engade que no programa está prevista unha sesión específica sobre os aspectos máis destacados da lei, na que se presentará un estudo sobre como incide e modifica o escenario no que se desenvolven os Consellos Sociais, ademais dun informe sobre como teñen evolucionado nos 40 anos dende a súa creación.

Subliña que neste encontro en Vigo tamén se falará sobre as universidades do futuro, o marco europeo como contexto global da educación superior e a importancia do Camiño de Santiago como destinatario e como difusor do saber e do coñecemento.



Anuncia a firma dun convenio coa Rede de Fundacións Empresa-Universidade para elaborar un estudo sobre a demanda competencial do mercado laboral, no que se analizarán as competencias máis demandadas aos titulados universitarios, e se detectarán novas competencias, capacidades e modelos de educación para incorporalos ao sistema educativo.

Subliña finalmente que a empregabilidade é unha das sete prioridades estratéxicas da universidade española, segundo a Fundación CYD. As outras seis son: investir máis e mellor en educación superior, aumentar a relevancia do coñecemento producido para a sociedade, fomentar a internacionalización, mellorar o acceso e a equidade, e acelerar a transformación dixital.

PUNTO 4

Informe do vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións sobre a declaración de interese de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2024/2025.

O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións detalla polo miúdo os programas que iniciaron o procedemento de tramitación aprobados en Consello de Goberno o pasado 24 de xaneiro, e que continuarán o seu percorrido ata que a relación definitiva volva ao Consello Social para ser sometida ao preceptivo informe antes de ser enviada á Consellería antes do 30 de xuño. Alfonso Lago explica a situación en que se atopa cada unha das memorias, as circunstancias e as características das titulacións, maioritariamente interuniversitarias coa USC e UDC no caso dos Mestrados.

Neste mesmo punto avanza a esperanza de que o Máster de Enxeñaría Aeronáutica, despois de varios anos de espera, poida comezar a ser impartido en exclusiva no Campus de Ourense no próximo curso. Declara o presidente a satisfacción por esta última nova, xa que cumpre unha aspiración longamente reclamada tamén dende o Consello Social.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 5

Informe que proceda, do Pleno, sobre a tramitación da modificación do título de Máster Universitario de Avogacía e Procuradoría.

Aclara o vicerreitor a razón da urxencia na tramitación da modificación do título, debida á aplicación do novo marco normativo sobre o acceso as profesión de avogado e procurador dos tribunais, de xeito que dende o curso académico 2023/2024 todos os cursos de formación de avogacía e procuradoría deberán estar adaptados á Lei 15/2021 e ao regulamento de desenvolvemento de 7 de febreiro de 2023, o que obrigou a modificar e axilizar os prazos para a modificación deste título.

Por esta razón a tramitación da modificación do Mestrado seguiu un calendario "contra o reloxo", que comezou o 18 de xaneiro aínda co informe favorable da COAP á declaración de interese e remata xa hoxe co informe que deberá emitir o Consello Social (despois de ser aprobado onte en Consello de Goberno) para que sexa remitida a proposta á Xunta de inmediato, a fin de que o título se poida impartir no curso 2023/2024 e o estudantado que remate o Grao dispoña do Mestrado actualizado.

- ***Apróbase a emisión de informe favorable.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2023/2024, debendo dar conta posteriormente da resolución na primeira reunión que se convoque.

O presidente xustifica a petición pola imprevisibilidade da data na que se fai a convocatoria dende o Ministerio e polos curtos prazos nos que se desenvolve.

- ***Apróbase a delegación.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo director do proxecto "A Caixa sostible", dirixido a fomentar vocacións STEM.

A iniciativa ten como obxectivo fomentar as vocacións STEM no ámbito educativo preuniversitario e informar e formar á cidadanía en procesos tecnolóxicos, mediante a implicación de alumnado e profesorado da



ESO e de Bacharelato en actividades experimentais. Aclara o secretario que este tipo de axudas son materia da Comisión de Actividades e Servizos, se ben neste caso tráese ao Pleno directamente pola proximidade da data de inicio da actividade. O presidente propón conceder unha axuda para o deseño e impresión da exposición itinerante "Sustentabilidade en Galicia".

- **Apróbase unha axuda de 1.800 €.**

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2023, orientado a facilitar o achegamento do estudiantado ao mercado laboral e á empregabilidade.

Consonte a documentación que se achega, a colaboración está orientada a fomentar e promover a cooperación entre a UVigo e o sector empresarial, asociación, entidades e institucións, e a realizar actividades que axuden á integración da universidade no entorno económico. Dentro deste marco, o convenio inclúe iniciativas, traballos e informes para o emprego e o emprendemento, dirixidos aos tres Campus e á comunidade universitaria en conxunto. **O presidente propón unha achega de 20.000 € para o exercicio de 2023**, debendo debullar as contrapartidas previstas.

- **Apróbase a achega.**

PUNTO 9

Solicitude de autorización de transferencia de crédito para obras e reparacións na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, do Campus de Ourense.

Ao abeiro do disposto no artigo 11 das Normas de execución do orzamento da UVigo no exercicio de 2023, a xerente, Yolanda Lesmes, informa da transferencia de crédito que se solicita, a instancia da administradora do Campus de Ourense, para melloras de eficiencia enerxética e electrificación das aulas da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, por un importe de 18.000 €.

- **O Pleno dá a súa aprobación.**

PUNTO 10

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro de 2023.

- **O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 11

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:10 horas do 31 de marzo de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias